

# ECONOMÍA SOCIAL MEETING

[ Actividade colaborativa do Foro pola Economía Social Galega ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	16 de Maio de 2019	<b>DURACIÓN</b>	2 horas
<b>HORARIO</b>	11:30 – 13:30 h.		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Sede da UNIÓN DE COOPERATIVAS AGACA, sita en Rúa Tomiño 22, Entreplanta, 15703 Santiago de Compostela, A Coruña		
<b>PERSOA DE CONTACTO</b>	Higinio Mougán Bouzón	<b>TELÉFONO</b>	981.58.49.11
		<b>E-MAIL</b>	hmougan@agaca.coop

## OBXECTIVOS

- **Presentación do ACLUXEGA** – Asociación Cluster da Xeotermia Galega: información xeral das empresas de xeotermia de Galicia.

- **Coñecer as posibilidades da enerxía xeotérmica en Galicia e para as familias e pequenas empresas:** principais características desta enerxía, usos máis habituais e os custos de investimento da mesma. ¿Para que tipo de investimento/necesidade/servizo é axeitada a xeotérmica nunha casa unifamiliar, nunha explotación agraria e nunha instalación industrial.

- **Breve explicación das axudas do INEGA:** PROXECTOS DE ENERXÍA RENOVABLE E AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS DE PRODUCCIÓN AGRÍCOLA PRIMARIA; e PROXECTOS DE ENERXÍA RENOVABLES TÉRMICAS ás que poden acceder como beneficiarios as entidades sen ánimo de lucro, as empresas e os autónomos.

## PROGRAMA

11:30 h. - Recepción e entrega de documentación.

11:45 h. - Presentación das entidades e persoas participantes, presentación das axudas do Inega en vigor dirixidas á enerxías renovables..

12:00 h. - Presentación de Acluxega, presentación da Xeotérmica e a súa aplicación nas vivendas unifamiliares, explotacións e pequenas empresas.

13:30 h. - Peche do encontro.

## CONTIDOS

- Explicación de Acluxega e das empresas galegas de xeotérmica e dos servizos que prestan á cidadanía.

- ¿En que consiste a Enerxía Xeotérmica?. Adaptación ás necesidades dunha familia ou dun pequeno empresario.

- Investimentos nos que a enerxía xeotérmica é competitiva ou máis eficiente.

- Descubrir as oportunidades que supoñen as axudas do INEGA para os investimentos en Xeotérmica.

## METODOLOXÍA

- Os *Meetings* da Economía Social desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes.

- Poderán utilizarse medios audiovisuais na presentación da entidade e farase un estrito control do tempo de intervención para garantir a axilidade da xornada.

## DIRIXIDO A

Persoas socias de cooperativas e sociedades laborais, traballadoras e técnico@s das entidades do '**Foro pola Economía Social Galega**' (Agaca, Cegasal, Aeiga, Aesgal, EspazoCoop), grupos promotores, entidades de asesoramento a cooperativas, persoas técnicas de promoción empresarial e **outras entidades e redes da economía social e solidaria**. || Grupo mínimo: 10 persoas - Grupo máximo: 50 persoas.



ACTIVIDADE COLABORATIVA DO:  
COLABORAN:

**Foro pola Economía Social Galega**



**Esta actividade enmárcase na Programación da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social**